

O MEU FOGAR

De meniña aprendín,
que me ensinou miña nai,
a preparar as sardiñas do fume,
nobre oficio artesanal.

Baixaba ao muelle cediño
a agardar os xeiteiros,
para mercar as sardiñas
que traían nos caldeiros.

Miña nai trataba o prezo
vinte reais o cento,
pois o milleiro saía
a pouco mais que a peso.

Coa cesta na cabeza
chego á casa coa sardiña
estripando unha a unha
todo de calma e sen prisa.

Fágolle logo a salmoira,
con auga do mar e sal,
boto no pío as sardiñas
ate o outro día á mañá.

Sentadiña na banquetta
ao ladiño da lareira
vou envarando a sardiña
para colgar na parrumeira.

Préndolle logo a larada,
leña de carballo e loureiro,
que o tempo se encargará
de pagarmo con diñeiro,
que o traballo é nobreza
da familia mariñeira.